

FERNÁNDEZ PAZ PLANTA EN VILALBA A BIDUEIRA DA SÚA LITERATURA

Outro grande escritor galego, foco de atención onte, foi Agustín Fernández Paz, que recibiu a homenaxe *O escritor na súa terra*, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega na súa vila natal, Vilalba.

Os actos comezaron ás 12 do mediodía no barrio das Fontiñas, onde se inaugurou o parque Agustín Fernández Paz, coa plantación dunha bidueira, árbore que o autor escolleu, facendo alusión a unha pasaxe d'*As paisaxes da memoria*.

A celebración completouse cun acto público no Centro Cultural e Recreativo de Vilalba e un xantar-xuntanza dos escritores que asistiron á homenaxe, entre os que se contaron, ademais de diversos representantes da cultura galega, os seus compañeiros de Avantar, aquel grupo que revolucionara



O escritor planta unha bidueira no parque que leva o seu nome

SANTOS-DÍEZ

a ensinanza dende o idioma, característica que resaltou Manuel Bragado, director de Xerais, na *laudatio*. Pola súa banda, o discurso de Agustín Fernández Paz estivo

dividido en dúas partes, unha retrospectiva da súa obra e outra máis persoal e emotiva, na que falou do seu amor por Vilalba, onde pasou a súa infancia e a descubriu a literatura.